

Poemas: **RAMÓN CABANILLAS**

Imaxes: **ANXO PASTOR**

Edición literaria: **LUÍS REI**

Encadernado en cartóné. Colección Trece Lúas

50 páxinas. Formato despregable. 15x23,5 cm.

ISBN 978-84-8464-706-5

Prezo: 15 €

RAMÓN CABANILLAS

ESCOLMA POÉTICA

**Trece poemas en cada libro,
trece poemas como trece lúas,
como os trece meses do calendario lunar.**

No Ano Cabanillas, co gallo do 50 aniversario do pasamento deste autor senlleiro, a Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales e FAKTORÍA K fanlle unha homenaxe especial ao 'Poeta da Raza'. Un libro de poemas e imaxes para ler e admirar pausadamente; reflexionando sobre cada idea, saboreando as súas cores evocadoras. Pousado sobre un atril, as súas páxinas desprenderán un halo de misterio que inundará o espírito do lector.

Xornalista crítico, funcionario municipal, cantor nostáxico das paisaxes nativas, autor de versos galeguistas e combativos, académico da lingua, admirador dos artistas galegos do seu tempo... Na faceta literaria, Ramón Cabanillas foi o continuador do Rexurdimento, o enlace con Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Eduardo Pondal, o renovador da poesía galega: o ciclo artúrico, a etnografía, o amor. Débeselle especialmente a promoción do uso da lingua en todos os ámbitos da vida cotiá.


Luis Rei compila os poemas desta escolma poética. Bibliotecario e técnico de Cultura no Concello de Cambados, tamén é autor da obra "Ramón Cabanillas, crónica de desterros e saudades", e ten publicado numerosos artigos e traballos sobre o poeta cambadés.

RAMÓN CABANILLAS (Cambados, 1876-1959)

Emigrou a Cuba entre 1910 e 1915, onde se implicou na causa agrarista e publicou "No desterro" (1913) e "Vento mareiro" (1915). De volta en Galicia, participou na creación das Irmandades da Fala. Aclamado como o 'Poeta da Raza', os seus poemas contribuíron a forxar a modernidade literaria da Galicia do século XX. A partir de "Na noite estrelecida" (1921) e "Da terra asoballada" (1926) adoptou unha actitude educadora enfocada á concienciación social. Retomaría o lirismo intimista co poemario amoroso "A rosa de cen follas". Ingresou na Academia Galega en 1920 e sete anos despois na Real Academia Española. Tras un tempo de silencio, publicou "Antifona da Cantiga" (1951), "Da miña zanfona" (1954), "Versos de alleas terras e tempos idos" (1956) e "Samos" (1958). En 1976, no centenario do seu nacemento, adicóuselle o Día das Letras Galegas.

ANXO PASTOR (Vilardonas, 1959)

Pintor, poeta e galerista. Nos seus debuxos de pequeno formato, de liñas e tintas augadas, a mancha evoca a forma. As súas imaxes, románticas e surrealistas, intimistas e contemplativas, son a unión da candidez e da natureza, representan un mundo imaxinario cheo de símbolos inspirados na nenez das persoas, como un xeito de recobrar a inocencia perdida.



- **Temática:** escolma -13 poemas- da obra poética de Ramón Cabanillas
- **Idade recomendada:** dende 8 anos
- **Aspectos destacables:** ilustracións de estilo surrealista e simbólico creadas a partir da lectura de cada poema
- **Índice poético:** Camiño longo – Amor de neno – Xoquín – Meus irmáns – A calzada de Cambados – A rosa que sangra – Galicia – ¡En pé! – A Rosalía de Castro – Noite de Lúa – Lume no pazo – Sorpresounos a noite – Do berce á cova

